



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A CORUÑA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno Local del 14 de diciembre de 2022 por el que se aprueba la convocatoria para la concesión de las becas del programa "A Coruña no mundo: BECAS Canadá 2023-2024 - 1º de Bachillerato en Canadá"

BDNS (Identif.): 664514

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/664514>)

Primero. Personas beneficiarias

Podrá ser adjudicatario de la beca el alumnado empadronado en el Ayuntamiento de A Coruña y escolarizado en un centro educativo de la ciudad, que cumpla los siguientes requisitos:

- Residir y estar empadronado con su padre, madre o representante legal, en su caso, en el momento de la solicitud.
- Estar matriculado y cursando 4º de ESO en el curso 2022-2023 en un centro de la ciudad de A Coruña.
- Contar en el curso de 3º de la ESO con una calificación media de 6,5 puntos o más y no tener ninguna materia suspensa en el curso 2021-22.
- Contar en el curso de 3º de la ESO con una calificación de 7 puntos o más en la materia de lengua extranjera (inglés) en el curso 2021-22.

Segundo. Objeto

El Ayuntamiento de A Coruña, por medio de la Concejalía de Educación, Memoria histórica, Innovación, Industria y Empleo convoca el programa "A Coruña no mundo: BECAS CANADÁ 2023- 2024 - 1º de bachillerato en Canadá", en el que se ofrece la oportunidad al alumnado de 4º de la ESO, residente en la ciudad de A Coruña, de cursar el grado 11 en CANADÁ -equivalente a 1º de Bachillerato- así como de adquirir un dominio avanzado de la lengua inglesa y un conocimiento real de otra cultura.

Tercero. Bases reguladoras

Ordenanza General de Subvenciones del Área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, aprobada por el Pleno del Ayuntamiento de A Coruña el día 11 de abril de 2005. (B.O.P de A Coruña número 92, de 25/04/2005)

Cuarto. Cuantía

El crédito total consignado para esta convocatoria es de 650.000 €. El coste plaza será el resultado de dividir el total del crédito destinado al programa entre el total de plazas ofertadas por la empresa adjudicataria del contrato de gestión del programa (mínimo 27 y máximo 35 plazas).

La participación en el programa de BECAS CANADÁ no implica la total gratuidad para el alumnado beneficiario, por lo que las familias en función de su renta per cápita, aportarán las cantidades que les correspondan según las cuantías y porcentajes señalados en la tabla recogida en este apartado, estableciendo dos tipos de beca:

- a) Beca total. Serán beneficiarias de beca total las personas seleccionadas que no superen los 9.000,00 € anuales de renta per cápita.
- b) Beca parcial. El Ayuntamiento asumirá un máximo del 95% y un mínimo del 5% del coste total de las plazas del alumnado seleccionado que supere los 9.000,00 € anuales per cápita. Las familias del alumnado beneficiario de beca parcial asumirán un mínimo del 5% y un máximo de un 95% del precio de la plaza.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de las solicitudes y documentación complementaria correspondiente, será del 9 al 20 de enero de 2023.

Sexto. Outros datos

La estancia en CANADÁ comienza en agosto de 2023 y finaliza en junio de 2024, incluidas las vacaciones escolares de Navidad y Semana Santa. Las fechas de salida y regreso varían en función de la provincia o territorio de destino. El programa oferta un mínimo de 27 becas y un máximo de 35, a determinar en función de la oferta del adjudicatario del contrato.

A Coruña

14/12/2022

La concejal-secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local, Diana María Sobral Cabanas

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de decembro de 2022 polo que se aproba a convocatoria para a concesión das becas do programa "A Coruña no mundo: BOLSAS Canadá 2023- 2024 - 1º de Bacharelato en Canadá"

BDNS (Identif.): 664514

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/664514>)

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderá ser adxudicataria da bolsa o alumnado empadroado no Concello da Coruña e escolarizado nun centro educativo da cidade, que cumpra os seguintes requisitos:

- Residir e estar empadroado co seu pai, nai ou representante legal, no seu caso, no momento da solicitude.
- Estar matriculado e cursando 4º de ESO no curso 2022-2023 nun centro da cidade da Coruña.
- Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación media de 6,5 puntos ou mais e non ter ningunha materia suspensa no curso 2021-22.
- Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación de 7 puntos ou mais na materia de lingua estranxeira (inglés) no curso 2021-22.

Segundo. Obxecto

O Concello da Coruña, por medio da Concellaría de Educación, Memoria histórica, Innovación, Industria e Emprego convoca o programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS CANADÁ 2023-2024-1º DE BACHARELATO EN CANADÁ", no que se ofrece a oportunidade ao alumnado de 4º da ESO, residente na cidade da Coruña, de cursar o grao 11 en CANADÁ -equivalente a 1º de Bacharelato-así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura.

Terceiro. Bases reguladoras

Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da A Coruña, aprobada polo Pleno do Concello da A Coruña o día 11 de abril de 2005. (B.O.P da Coruña número 92, de 25/04/2005)

Cuarto. Contía

O crédito total consignado para esta convocatoria é de 650.000 €. O coste praza será o resultado de dividir o total do crédito destinado ao programa entre o total de prazas ofertadas pola empresa adxudicataria do contrato de xestión do programa (mínimo 27 e máximo 35 prazas).

A participación no programa de BOLSAS CANADÁ non implica a total gratuidade para o alumnado beneficiario, polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles correspondan segundo as contías e porcentaxes sinalados na táboa recollida neste apartado, establecendo dous tipos de bolsa:

- a) Bolsa total. Serán beneficiarias de bolsa total as persoas seleccionadas que non superen os 9000,00 € anuais de renda per cápita.
- b) Bolsa parcial. O Concello asumirá un máximo do 95% e un mínimo do 5% do custo total das prazas do alumnado seleccionado que supere os 9000,00 € anuais per cápita. As familias do alumnado beneficiario de bolsa parcial asumirán un mínimo do 5% e un máximo dun 95% do prezo da praza.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación da solicitude e documentación complementaria correspondente, será do 9 ao 20 de xaneiro de 2023.

Sexto. Outros datos

A estancia en CANADÁ comenza en agosto de 2023 e finaliza en xuño de 2024, incluídas as vacacións escolares de Nadal e Semana Santa. As datas de saída e regreso varían en función da provincia ou territorio de destino.

O programa oferta un mínimo de 27 becas e un máximo de 35, a determinar en función da oferta do adxudicatario do contrato.

A Coruña

14/12/2022

A concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local, Diana María Sobral Cabanas

2022/8094